

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CARROZAS TRADICIONAIS NO PASACALLE DO DÍA DE CORPUS-2017 CONCELLO DE PONTEAREAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Concellería de Cultura e Lecer, Normalización Lingüística e Turismo, coa finalidade de recuperar a tradición das antigas carrozas na festividade de Corpus e poñer en valor a nosa historia e o noso patrimonio cultural e etnográfico, quere propoñerlles aos diferentes colectivos veciñais a súa participación coa construción de carrozas para o posterior pasacalle o domingo de Corpus deste ano 2017. Para promover e incentivar a participación veciñal, a Concellería concederá premios co fin de contribuír e aliviar os gastos ocasionados aos participantes, que se regularán de acordo coas seguintes bases.

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto e Finalidade dos premios

- A presente normativa establece as bases reguladoras do concurso e premios que concede o Concello de Ponteareas, para a construción e confección das carrozas e posterior participación no pasacalle cas mesmas o domingo 18 de xuño de 2017 con motivo das festas patronais do Corpus, con cargo aos créditos do seu orzamento de 2017.

- O concurso ten por finalidade a recuperación tradicional das antigas carrozas na festividade de Corpus e poñer en valor a nosa historia e o noso patrimonio cultural e etnográfico, así como fomentar a participación na construción de carrozas e no posterior pasacalle neste municipio o día festivo do Corpus.

Segunda. Premios

Establécense os seguintes premios ata o límite de consignación orzamentaria de 8.000 €:

Un único premio de 1.000€ por cada categoría:

CATEGORÍA	PREMIO
Carroza tradicional	1.000 € +bandeirín conmemorativo
Carroza Rural	1.000 €
Carroza Patrimonio Inmaterial	1.000 €
Carroza Urbana	1.000 €
Carroza Etnográfico	1.000 €
Carroza máis Orixinal	1.000 €
Carroza Histórica	1.000 €
Carroza Conmemorativa Corpus	1.000 €



Segundo a normativa vixente, os premios estarán suxeitos á correspondente retención tributaria, agás nos casos que corresponda exención.

Terceira. Requisitos dos Participantes

- a) Poderán participar no concurso as asociacións veciñais e culturais, ou de calquera outro ámbito do Concello de Ponteareas
- b) Deberán participar no pasacalle de carrozas que se realicen con motivo das festas patronais do Corpus 2017. O evento non será aprazado agás causas de forza maior e por decisión do goberno local.
- c) Deberanse cumprir os seguintes requisitos e condicións mínimas:
 - 1.- As carrozas deben estar montadas sobre plataformas, cun mínimo de 3 metros, de tracción móbil. Deberán ser inéditas e non ter participado noutros eventos.
 - 2.- A temática das carrozas estará relacionada coas xentes, episodios da historia, da etnografía, dos costumes, e festividades relacionadas co Concello de Ponteareas.
 - 3.- Estará decorado coa mesma temática todo o complexo: carroza, soporte con máquina, respectando sempre as medidas de seguridade.
 4. Os materiais cos que se constrúan as carrozas deben ser naturais ou de reciclaxe, permitindo o uso doutros ata un vinte e cinco por cento da proporción. En ningún caso se permitirá o uso de materias tóxicos.
 5. Non se permitirá o uso de marcas comerciais ou calquera outro distintivo promocional sen autorización previa do Concello.

Cuarta. Prazo de Presentación de Solicitudes, documentación e límite.

- As solicitudes de participación formularanse no modelo que figura como Anexo I desta convocatoria. Dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ponteareas, e presentaranse no rexistro da Casa do Concello, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, sito na Praza dos Xardíns da Xiralda s/n desta localidade, ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **no prazo de cinco días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP de Pontevedra. Deberán acompañarse á solicitude o seguinte:

- Documento que acredite a personalidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude de participación no concurso. (Copia do documento de identidade, e copia da Acta fundacional, da modificación da directiva ou Certificado do Secretario da Asociación que acredite a representación)
- Declaración responsable de que a entidade á que representa se atopa ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social e cumprimento de obrigas tributarias co Concello.



Un cuestionario onde conste a temática da carroza, vestimenta e material que se vai empregar así como o número aproximado de compoñentes.

Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso do premio

- Establécese **un límite máximo** de participación no concurso de **8 carrozas**, que serán admitidas por rigoroso orde de inscrición no rexistro municipal do concello. O cupo máximo débese á limitación do espazo existente no pasacalle, dada a gran afluencia de público no día do Corpus.

Quinta. Xurado.

O xurado estará integrado por persoas do ámbito da cultura, da música, da historia, das letras, etc..designadas polo Concello. O Xurado poderá declarar premios desertos en caso de non reunir os requisitos mínimos de calidade esixidos nas presentes bases. O xurado terá liberdade absoluta para xulgar aos participantes nas diferentes categorías, e en consecuencia conceder os premios que avalan estas bases.

Valoraranse, entre outros os seguintes aspectos en cada categoría:

- a) Vestimenta
- b) Orixinalidade, inxenio, caracterización, instrumentalización
- c) Actitude no desfile acorde co motivo na exhibición.
- d) Calidade e creatividade na exhibición
- e) Número de compoñentes da carroza

Sexta. Créditos Orzamentarios e Contía Máxima.

Os créditos orzamentarios aos que se imputan os premios que se concedan ao amparo destas bases son os que se conteñen na partida 33800/2260001 do Orzamento do Concello para o ano 2017. A contía total estimada é de 8.000 €.

Sétima. Incumprimento de obrigas, reintegro, réxime sancionador e interpretación das bases.

A participación no presente concurso implica a aceptación das presentes bases. O incumprimento das obrigas impostas dará lugar á perda total ou parcial dos premios, procedéndose en consecuencia e, no seu caso, á apertura do procedemento de reintegro das cantidades que correspondan conforme ao disposto na referida Lei 38/2003 e o seu Regulamento (R.D. 887/2006).

Facultase a Concelleira de Cultura para dirimir calquera controversia derivada da interpretación destas bases.

Ponteareas, a 4 de maio de 2017

A concelleira de Cultura e Lecer, Normalización Lingüística e Turismo
Hortensia Bautista Fernández



ANEXO 1- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE CARROZAS

**BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO NO PASACALLE DE CARROZAS
TRADICIONAIS NO DÍA DE CORPUS-2017 NO CONCELLO DE PONTEAREAS**

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude :

D./D^a _____ NIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

Tfno. ou n^o móbil _____ Enderezo electrónico _____

Cargo directivo na Asociación _____

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da
Asociación _____ CIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

N.º de Rexistro da Asociación _____ N.º de asociados _____

Secretario/a: _____

Enderezo
electrónico. _____

Tendo coñecemento do concurso de carrozas convocado polo Concello de Ponteareas para o pasacalle de carrozas tradicionais no día de corpus-2017 no Concello de Ponteareas **SOLICITO** ao abeiro da mesma a participación no concurso de carrozas, aceptando as bases desta convocatoria en todos os seus termos.

Xunto con este anexo, o solicitante achega:

- Copia do Documento de identidade da asociación (CIF)
- Copia do documento que acredite a representación do solicitante
- Certificación bancaria da conta para ingreso de premios

Acompañar reseña sobre as temática e significado da carroza

Ponteareas, _____ de _____ de 20__

Sinatura do/da representante da entidade

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS



ANEXO 2- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE**BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO NO PASACALLE DE CARROZAS
TRADICIONAIS NO DÍA DE CORPUS-2017 NO CONCELLO DE PONTEAREAS**Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitudeD./D^a _____ NIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

Tfno. ou nº móbil _____ Enderezo electrónico _____

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da asociación _____ CIF _____

En relación á posible obtención de premios no concurso de carrozas do Corpus 2017,
formulo a seguinte**DECLARACIÓN RESPONSABLE:**

- Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Que non obstante o anterior, autorizo ao Concello de Ponteareas para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ponteareas poida acordar, no caso de obter unha achega pública.

Ponteareas, _____ de _____ de 20__

Sinatura do/da PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS